

BASES DA CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO, MEDIANTE CONCURSO, PARA A PROVISIÓN DE DOUS POSTOS DE PERSOAL DE LIMPEZA EN XERAL, MEDIANTE CONTRATO LABORAL TEMPORAL POR OBRA OU SERVIZO DETERMINADO.

Primeira.- Obxecto.

As presentes bases teñen por obxecto regular a selección de dous postos de persoal de limpeza en xeral, de carácter laboral temporal por obra ou servizo, mediante concurso, por necesidades urxentes do servizo, debido ó aumento de instalacións municipais e á xubilación de persoal, co fin de garantir o seu adecuado funcionamento.

As prazas convocadas ofertaranse nas seguintes condicións:

Nº traballadores/as:	2
Modalidade contractual:	Obras ou servizo
Xornada:	Completa
Custos salariais brutos:	1.050,00 €/mes
Custos Seg. Social:	364,35 €/mes
Duración contrato:	6 meses

Os traballos a desenvolver son: limpeza de instalacións e edificios públicos municipais, tales como: Pabillón Polideportivo, Casa de Cultura, Centro social "Casa de Escudeiro" e Casa do Concello; así como aquelas outras dependencias, instalacións ou áreas que se lles asinen ós traballadores/as dentro da xornada de traballo.

A convocatoria realizarase mediante publicación de anuncio nun diario e na seguinte dirección web, www.meis.gal

Segunda.- Requisitos.

As persoas aspirantes, para tomaren parte no proceso selectivo, deberán reuni-los seguintes requisitos:

- Ter nacionalidade española ou dalgún país membro da UE.
- Ter cumpridos os 16 anos de idade.
- Estar en posesión do título de certificado de escolaridade ou equivalente.
- Non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que impida ou sexa incompatible coa realización das correspondentes funcións.
- Non atoparse incurso/a en causa de incapacidade ou incompatibilidade para contratar co Concello.
- Non estar separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera Administración Pública, nin atoparse inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas.

Terceira.- Solicitudes.

1.- As persoas interesadas deberán facelo constar mediante unha instancia dirixida á alcaldesa do Concello de Meis. A instancia conterá, polo menos, os datos persoais do/a solicitante, o seu enderezo e un teléfono para podelo localizar, así como a denominación do posto ofertado, e achegarase a seguinte documentación:



- Fotocopia compulsada do documento nacional de identidade ou da tarxeta acreditativa da súa identidade, expedida polas autoridades competentes no caso de cidadáns comunitarios.
- Fotocopia compulsada da titulación esixida para desempeñar o posto ao que opta e os méritos alegados.

2.- O prazo para presentar as solicitudes será de 5 días naturais, contados dende a publicación da convocatoria nun diario.

3.- A presentación de solicitudes poderase facer no Rexistro xeral do Concello ou en calquera das formas establecidas no art. 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse nun sobre aberto para que sexan seladas e datadas polo funcionario/a de Correos antes de seren certificadas.

Por razón de urxencia, naqueles casos en que non se presente a solicitude a través do Rexistro xeral do Concello será necesario remitir unha copia da solicitude rexistrada ao enderezo concello@meis.gal ou por fax ao nº 986715300, e sempre dentro do prazo de presentación de solicitudes.

4.- As persoas aspirantes con diversidade funcional deberán achegar o certificado do seu grao de discapacidade e un certificado médico que acredite a súa capacidade para desempeñar o posto de traballo ó que se opta.

Cuarta.- Admisión de aspirantes, fixación da constitución do Tribunal.

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución aprobando a lista provisional de admitidos e excluídos, expresando as causas de exclusión. Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios da Casa do Concello de Meis e, de forma complementaria, na páxina web do Concello www.meis.gal. A resolución establecerá, a efectos de emenda de defectos ou omisións, e mesmo de reclamacións, un prazo de 2 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación sinalada. Os erros de feito poderán emendarse en calquera momento de oficio ou a pedimento do interesado.

Mediante Resolución da Alcaldía, aprobarase a lista definitiva de admitidos e excluídos, procederase á fixación da data de constitución do tribunal cualificador, e convocarase aos aspirantes admitidos mediante a publicación do correspondente decreto no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e, de forma complementaria, publicarase na páxina web do Concello www.meis.gal.

No caso de que resultaran admitidos a totalidade dos interesados, só se publicará a lista definitiva.

Quinta.- Tribunal cualificador.

O Tribunal que xulgará as probas de que conste o concurso estará constituído polos seguintes membros, todos eles con voz e voto:

Presidente/a: Dna. M^a del Carmen Merino Moína, secretaria do concello.

Secretario/a: Dna. M^a del Carmen Rey Romero, AEDL do Concello.

Vocal: D. Daniel Rubio Pérez, técnico deste concello.

Vocal: D. Ramón Fariña Barral, funcionario auxiliar administrativo do Concello.

Vocal: Dna. Ramona Cores Millán, funcionaria administrativa do concello.

Suplentes:



D. José Manuel Blanco Blanco Sanmartín funcionario administrativo do Concello.
D. Francisco Javier Martínez Sánchez, funcionario administrativo do Concello.

O Tribunal non se poderá constituír sen a asistencia, polo menos do presidente, da secretaria e dun/ha vogal, ou persoas nas que deleguen.

Abstención ou recusación.- Os membros do Tribunal deberán absterse de formar parte do mesmo e de intervir cando concorran as circunstancias previstas no artigo 28 da *Lei de réxime xurídico das administracións públicas*, e comunicaranllo á autoridade convocante por medio dun escrito en tal sentido. Así mesmo, as persoas aspirantes poderán recusar a calquera membro do Tribunal, de acordo co disposto na mesma lei (Artigo 29).

Sexta.- Probas selectivas.

A) Experiencia profesional: Máximo 7 puntos

I.- Por servizos prestados en calquera Administración Pública en postos de traballo de igual ou superior categoría ao grupo de clasificación ó convocado: 0,20 puntos por mes de servizo.

Máximo 5,00 puntos.

II.- Por servizos prestados na empresa privada en postos de traballo de igual ou superior categoría ao grupo de clasificación ó convocado: 0,15 puntos por mes de servizo

Máximo 2,00 puntos.

(A experiencia laboral acreditarase mediante vida laboral con copia dos contratos de traballo ou certificados de empresa).

B) Entrevista.- Máximo de 3 puntos.

O tribunal manterá unha entrevista curricular e relacionada cos servizos obxecto de contrato coas persoas solicitantes.

Sétima.- Cualificación.

A puntuación final virá dada pola suma da puntuación das distintas fases. Máximo 10 puntos.

A relación de aspirantes, pola orde de puntuación, constituirán unha Bolsa de Emprego do Concello de Meis, aos efectos do nomeamento interino ou contratación temporal para a cobertura non permanente das vacantes que se precisen e daqueles postos que permitan cubrir as eventuais necesidades que demande este Concello durante un ano.

Oitava.- Publicación da designación do aprobado, presentación de documentos e nomeamento.

Rematadas as probas selectivas o tribunal fará pública a relación de aspirantes que superen o proceso, por orde de puntuación, con indicación da puntuación obtida na fase de concurso e na entrevista, e propondrá, para o seu nomeamento soamente ás dúas persoas que obtiveran a maior puntuación total, elevando a proposta á Presidenta desta Corporación.



O tribunal non poderá propoñer a máis persoas aspirantes que as prazas convocadas. Calquera proposta que contraveña o establecido será nula de pleno dereito.

De acordo co preceptuado no artigo 45.1.b da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, O Concello de Meis realizará a publicación dos datos persoais dos candidatos e das posibles causas de exclusión, no Taboleiro de Anuncios e na Páxina Web do Concello (www.meis.gal), ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

Os datos de carácter persoal que o interesado facilite serán tratados polo Concello de Meis coa finalidade de selección de persoal e provisión de postos de traballo mediante convocatorias públicas. Polo tanto, os seus datos serán tratados para poder tramitar a súa solicitude e resolvela convocatoria na que participa. A lexitimidade do tratamento basease no consentimento do interesado, e no cumprimento de obrigacións legais polo Concello de Meis. Os datos de carácter persoal poden ser comunicados a outras administracións ou rexistros públicos, e publicados no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web do Concello. Os datos serán conservados durante o tempo necesario para cumprir con a finalidade para a que se recollen e para determinar as posibles responsabilidades que se puideran derivar de dita finalidade e do tratamento de los datos. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivos e patrimonio documental español. Pode exercitar os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión e portabilidade dos seus datos, de limitación e oposición ó seu tratamento, así como a non ser obxecto de decisións baseadas unicamente no tratamento automatizado dos seus datos, cando procedan, ante o Concello de Meis, Avda. Cambados, 67 Mosteiro, 36637 Meis (Pontevedra) ou na dirección de correo electrónico dpo@legalforma.com, así como, no seu caso, reclamar ante a Axencia Española de Protección de Datos.

Novena.- Resolución de dúbidas. Réxime xurídico.

O Tribunal queda autorizado para resolve-las dúbidas que se presenten e para toma-los acordos necesarios para a boa orde do concurso. En todo o non previsto nestas bases o proceso selectivo regularase polas seguintes normas: a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o RDL 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións vixentes en materia de Réxime Local; a Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a Reforma da Función Pública, modificada pola Lei 23/1988 do 28 de xullo; a Lei 5/ 1997 do 22 de xullo de Administración Local de Galicia; o Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño sobre procedemento de selección na Administración Local; o RD 364/1995 polo que se aproba o regulamento xeral do ingreso de persoal ao servizo da Administración do Estado.

A ALCALDESA

Marta Giráldez Barral

ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

Información básica sobre protección de datos:

Responsable del tratamento: Concello de Meis.

Finalidade do tratamento: selección de persoal e provisión de postos de traballo mediante convocatoria pública

O titular pode exercer os dereitos establecidos nos artigos 15 a 22 do Regulamento (UE) 2016/679 (acceso, rectificación, supresión e portabilidade dos seus datos, de limitación e oposición ó seu tratamento, así como a non ser obxecto de decisións baseadas unicamente no tratamento automatizado dos seus datos) ante el Concello de Meis ou na dirección de correo electrónico dpo@legalforma.com

Pode consultar a información completa sobre protección de datos nas bases da convocatoria publicadas en: www.meis.gal

